



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 554
25 de outubro de 2019



CSV: BOPGDSPGUZY1q9mV7

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

■ 53521 (10/PL-000018)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia [183186](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 50476 (10/PPL-000041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia [183186](#)

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Debate de non toma en consideración

■ 40064 (10/PPLI-000004)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia [183186](#)

1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.3. Proposicións de reforma do Regulamento do Parlamento

Rexeitamento da toma en consideración

■ 52134 (10/PPLR-000004)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia [183187](#)



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Aprobación con modificacións

I 57471 (10/MOC-000159)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo. (Moción consecuencia da Interpelación nº 52802, publicada no BOPG nº 512, do 29.7.2019, e debatida na sesión plenaria do 8.10.2019) [183187](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 57470 (10/MOC-000158)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego. (Moción consecuencia da Interpelación nº 52893, publicada no BOPG nº 512, do 29.7.2019, e debatida na sesión plenaria do 8.10.2019) [183188](#)

I 57484 (10/MOC-000160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación adscrita a Povisa. (Moción consecuencia da Interpelación nº 52785, publicada no BOPG nº 512, do 29.7.2019, e debatida na sesión plenaria do 8.10.2019) [183188](#)

I 57485 (10/MOC-000161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 49605, publicada no BOPG nº 476, do 14.5.2019, e debatida na sesión plenaria do 8.10.2019) [183188](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación sen modificacións

I 56842 (10/PNP-004199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis

Sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o *brexit* nos ámbitos da súa competencia [183188](#)



Aprobación con modificacións

I 56882 (10/PNP-004202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a descontinuidade da produción na central térmica das Pontes

[183189](#)

I 57089 (10/PNP-004219)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia. (Procedemento de urxencia)

[183189](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 46906 (10/PNP-003523)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra

[183190](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 31104 (10/PNP-002308)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo

[183191](#)

I 53890 (10/PNP-003992)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe

[183191](#)

I 54399 (10/PNP-004024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade fi-



nanceira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico [183191](#)

I 56424 (10/PNP-004169)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia) [183192](#)

I 56912 (10/PNP-004205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinxética respecto do xabaril, anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia [183192](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Escrito dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e Mixto polo que solicitan a creación dunha Comisión non permanente de estudo sobre a problemática do xabaril (doc. núm. 57521) [183194](#)



O Pleno do Parlamento, na sesión do 22 de outubro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Rexeitamento de emendas á totalidade

- 53521 (10/PL-000018)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

BOPG nº 522, do 30.08.2019

Sométense a votación as emendas á totalidade de devolución, e resultan rexeitadas por 28 votos a favor, 39 votos en contra e 4 abstencións.

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

- 50476 (10/PPL-000041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia

BOPG nº 482, do 04.06.2019

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

Debate de non toma en consideración

- 40064 (10/PPLI-000004)

Comisión Promotora

Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia

BOPG nº 405, do 03.01.2019

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.



1.1.2.2. Outras propostas de normas

1.1.2.2.3. Proposicións de reforma do Regulamento do Parlamento

Rexeitamento da toma en consideración

- 52134 (10/PPLR-000004)

Grupo Parlamentario Mixto

Proposición de lei de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

BOPG nº 511, do 26.07.2019

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

Aprobación con modificacións

- 57471 (10/MOC-000159)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo. (Moción consecuencia da Interpelación nº 52802, publicada no BOPG nº 512, do 29.7.2019, e debatida na sesión plenaria do 8.10.2019)

BOPG nº 547, do 16.10.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 4: aprobados pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

Puntos 2 e 3: rexeitados por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dar cumprimento de inmediato aos acordos tomados na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 2 de outubro, respecto á situación das empresas auxiliares de R Cable.

2. Constituír unha mesa do sector do telemárketing, con representantes da patronal e dos traballadores e traballadoras, con vistas a acadar acordos a medio prazo estables que diminúan a precariedade e a temporalidade do sector, mellorando as condicións do traballo e limitando a subcontratación.»



Rexeitamento da iniciativa

- 57470 (10/MOC-000158)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego. (Moción consecuencia da Interpelación nº 52893, publicada no BOPG nº 512, do 29.7.2019, e debatida na sesión plenaria do 8.10.2019)

BOPG nº 547, do 16.10.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 17 votos a favor, 38 votos en contra e 13 abstencións.

Puntos 2, 3 e 4: rexeitados por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 57484 (10/MOC-000160)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación adscrita a Povisa. (Moción consecuencia da Interpelación nº 52785, publicada no BOPG nº 512, do 29.7.2019, e debatida na sesión plenaria do 8.10.2019)

BOPG nº 547, do 16.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 12 abstencións.

- 57485 (10/MOC-000161)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 49605, publicada no BOPG nº 476, do 14.5.2019, e debatida na sesión plenaria do 8.10.2019)

BOPG nº 547, do 16.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

Aprobación sen modificacións

- 56842 (10/PNP-004199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis

Sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o *brexit* nos ámbitos da súa competencia

BOPG nº 544, do 09.10.2019



Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 64 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a activar coa máxima urxencia os plans de continxencia para o *brexít* nos ámbitos da súa competencia, en coordinación co Goberno de España.»

Aprobación con modificacións

- 56882 (10/PNP-004202)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a discontinuidade da produción na central térmica das Pontes

BOPG nº 544, do 09.10.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 4 a) e b): aprobado por 57 votos a favor, 13votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 1, 2, 3, 4 c) e 5: rexeitados por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar conxuntamente con sindicatos e outros axentes sociais, económicos e institucionais unha mesa de traballo, en colaboración co Goberno de España, para un programa de actuacións en relación coa central térmica das Pontes que considere:

a) A negociación coa empresa para o mantemento durante o máximo tempo posible da produción de enerxía na central, dentro dos marcos da descarbonización pactada na UE.

b) A negociación coa empresa para que poña en marcha, logo das análises pertinentes, alternativas para a produción de enerxía na central a partir de fontes diferentes ao carbón (biomasa, lodos de depuradora, residuos agrarios...).»

- 57089 (10/PNP-004219)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia. (Procedemento de urxencia)

BOPG nº 544, do 09.10.2019



Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 57 votos a favor, 13 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que esixa ao Goberno de España que rectifique a súa política enerxética e tome as medidas necesarias, particularmente as solicitadas por este Parlamento o 11 de setembro de 2019, que permitan garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez o tempo necesario para acadar unha alternativa viable, así como que proceda á negociación urxente dun convenio de colaboración para a posta en marcha da Estratexia de Transición Xusta en Galicia, como xa está a facer na maioría das comunidades autónomas, e que inclúa a Galicia nas axudas europeas para as zonas mineiras afectadas pola transición enerxética.

Así mesmo, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite que desde o Ministerio de Transición Enerxética se realicen as xestións oportunas para incluír a Galicia na *Platform on Coal and Carbon-Intensive Regions* e no Equipo-País, xa que a nosa comunidade cumpre claramente os requisitos esixidos para ser membro de ambas».

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 46906 (10/PNP-003523)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra

BOPG nº 441, do 06.03.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado:

1. Un compromiso expreso de que non se van aplicar novas subas extraordinarias nas peaxes da AP-9.
2. Un compromiso claro de que as novas obras acometidas en relación coa autoestrada non sexan financiadas con cargo a novos incrementos de peaxes aos usuarios. Neste sentido, debe proceder á contratación e execución das obras comprometidas para a mellora das conexións da autoestrada (Alfonso Molina na Coruña, Enlace Orbital en Santiago, Nó de Bombeiros en Pontevedra, medidas compensatorias en Chapela, e integración urbana do ramal de entrada a Vigo).
3. A autorización da conexión da Vía Ártabra coa AP-9.



4. A activación coa maior brevidade da liberación da peaxe entre Redondela e Vigo comprometida polo Ministerio de Fomento.

5. A posta en marcha un sistema de bonificación de peaxe para usuarios frecuentes da autopista de, cando menos, o 25 % do itinerario de ida e volta.»

Rexeitamento da iniciativa

- 31104 (10/PNP-002308)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo
BOPG nº 309, do 23.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 53890 (10/PNP-003992)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe
BOPG nº 521, do 29.08.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 2 e 3: rexeitados por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 13 abstencións.

- 54399 (10/PNP-004024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico
BOPG nº 524, do 04.09.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é seguinte:

Puntos 1 e 2: rexeitados por 10 votos a favor, 51 votos en contra e 9 abstencións.

Punto 3: rexeitado por 19 votos a favor, 51 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 4: rexeitado por 6 votos a favor, 51 votos en contra e 13 abstencións.



- 56424 (10/PNP-004169)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia)

BOPG nº 540, do 02.10.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 56912 (10/PNP-004205)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinxética respecto do xabaril, anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia

BOPG nº 544, do 09.10.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 19 votos a favor, 38 votos en contra e 13 abstencións.

Punto 2: rexeitado por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.3.2.2. Creación de órganos parlamentarios

2.3.2.2.1. Solicitude de creación de comisións

Escrito dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e Mixto polo que solicitan a creación dunha Comisión non permanente de estudo sobre a problemática do xabaril (doc. núm. 57521)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Examinado o escrito dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e Mixto no que solicitan a creación dunha Comisión non permanente de estudo sobre a problemática do xabaril, visto



o disposto no art. 51 Regulamento do Parlamento de Galicia e dado que se cumpre o requisito de lexitimación, a Mesa adoptou o seguinte ACORDO:

1º. Admitir a trámite a solicitude.

2º. Remítilla, para audiencia, á Xunta de Portavoces.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Os **Grupos Parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e Mixto**, a través da súa portavoz e do seu portavoz, e ao abeiro do disposto nos artigos 50 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte petición de creación dunha **Comisión non permanente de Estudo sobre a problemática do xabaril**.

Con data de 9 de outubro de 2019 o DOGA publica catro resolucións, do 27 de setembro, das Xefaturas Territoriais da Consellería de Medio Ambiente da declaración de emerxencia cinexética que afectan a 33 concellos de Galiza.

Esta insólita declaración ven acompañada dunha forte polémica pola preocupación que implican as consecuencias derivadas das medidas que contemplan esta resolución e que supoñen un risco certo e moi alto sobre a seguridade das persoas que transiten por áreas forestais e propiedades nas superficies de monte afectadas (que abranguen 481. 170 has) e condutores que circulen polas vías próximas a estas áreas onde terá lugar unha presión cinexética intensiva non vista antes no País.

Cabe tamén facer mención que son moitos os expertos que ven na xustificación desta declaración un suposto de incumprimento da normativa específica sobre a que sustentar dita autorización. Así dita declaración susténtase sobre a base de que “ as poboacións de xabaril ven experimentando nos últimos anos un incremento no conxunto do territorio”, así coma, que “ estas poboacións poden ser un elemento perturbador importante de certas comunidades de flora e fauna”.

Sen máis datos ca estes, e que máis ben parecen responder a unha reacción de forte presión dende determinados sectores da sociedade, e un forte eco nos medios de comunicación, a administración responsable xustificando esta aparente sobreabundancia sen ir precedida dos correspondentes estudos científicos sobre os datos demográficos, nin para eses 33 concellos, nin para o resto do territorio galego. A falta de informes técnicos non pode verse suplida polos expedientes de reclamación, pois deses datos non se pode desprender evidencia científica e/ou técnica que acredite esas situacións, declarándose dita emerxencia cun absoluto descoñecemento da poboación real.

Coa ameaza dunha posible chegada da Peste Porcina Africana a falta absoluta de criterio e rigor na situación co xabaril, a ausencia de axudas abundas para paliar e afrontar os danos que ocasionan, levan unha deriva de crecente tensión e preocupación social, na que neste Parlamento nega calquera posible debate. Atopámonos así nunha situación que precisa dunha profunda



revisión e debate e tratar de chegar a conclusións nas que se dispoña de propostas e medidas claras que rematen con tanta improvisación e máis co grave risco de poder ter consecuencias realmente graves:

- A PPA de chegar tería un impacto demoledor sobre as granxas do país.
- A inseguridade que xeran as medidas excepcionais de caza impostas pode incluso rematar con accidentes moi graves.
- As actividades agrogandeiras están desamparadas e desasistidas dunha solución continuada no tempo.
- As consecuencias sobre a biodiversidade do noso territorio son moi negativas, sendo inadmisibile que non exista unha xestión da especie asentada sobre criterios técnicos e científicos e no seu lugar se contemplan solucións de moi dubidosa legalidade.

Por todo isto, estimase conveniente e oportuno demandar a este Parlamento a constitución dunha Comisión Especial de Estudo, por adecuarse esta problemática ás características deste tipo de comisións, en tanto que son obxecto habitual destas o estudo ou análise dun sector concreto da actividade pública, ou da sociedade, que presenta unha problemática ou complexidade específica. Obviamente neste caso, nin a administración pública é quen de explicar o que está facendo, e no rural existe unha auténtica desesperación con isto. Polo que resulta acaído que unha comisión deste tipo faga acopio de información e documentación sobre este asunto, apreciándose a necesidade de consultar especialistas e persoas competentes por razón da materia coa finalidade de elaborar un Ditame final que recolla as conclusións da actividade despregada pola Comisión e, no seu caso, as propostas ou recomendacións que consideren oportunas.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG
Luís Villares Naveira
Portavoz do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:





Ana Pontón Mondelo na data 14/10/2019 10:07:58

Luis Villares Naveira na data 14/10/2019 12:34:05



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGUZY1q9mV7

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

